

Edición 1ª

Data de aplicación: 29/09/2017

A. Obxecto

O presente procedemento responde á necesidade de garantir a protección da maternidade, o que inclúe á traballadora embarazada ou en período de lactación natural (ata os 9 meses do bebé).

O obxectivo é establecer a sistemática a seguir ante situacións que poidan derivar en adaptacións ou cambios do posto de traballo, por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural.

Resaltar que este procedemento é aplicable á traballadora embarazada cun proceso de xestación normal e que continúa realizando o seu traballo habitual, non contempla as situacións de embarazo con risco específicas da muller e/ou derivadas do propio embarazo (motivos non laborais), que serán tratadas polo facultativo do sistema de cobertura da saúde que lle corresponda á traballadora.

B. Alcance

Todas as traballadoras da Universidade de Vigo, que notifiquen a situación de embarazo ou período de lactación natural.

C. Histórico de revisións


Edición primeira.

D. Documentación de referencia

Estándar OHSAS 18001.

| | Nome | Data | Selo e Sinatura |
|--|--|------------|-----------------|
| Realizado por Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) | Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González. | 19/09/2017 | |
| Revisado por Comité de Seguridade e Saúde (CSS) | José Manuel García Vázquez. | 29/09/2017 | |
| Aprobado por Xerencia | Manuel Fernández Jauregui. | 29/09/2017 | |

E. Contido



Edición 1ª

Data de aplicación: 29/09/2017

F. Comentarios do gráfico

1- A especialidade da vixilancia da saúde está concertada co Servizo de Prevención Alleo.

2- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais, unha vez recibida a comunicación, por parte da traballadora, da situación de embarazo ou período de lactación natural, iniciará as actuacións para a protección da maternidade.

A aplicación do presente procedemento activarase mediante a comunicación formal da traballadora ao SPRL ou á Xerencia mediante o DRPRL-21-01. Dita comunicación é de carácter voluntario, aínda que a Universidade de Vigo, recomenda que se realice o antes posible xa que diso vai depender, en boa medida, a eficacia das medidas preventivas a adoptar.

3- A toma de medidas cautelares, fundaméntase no asesoramento técnico, e con carácter previo, do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

4- O Informe de aptitude emitido polo Servizo de Prevención Alleo , poderá contemplar as seguintes posibilidades (excluíntes entre si):

- Se a traballadora é APTA para o desempeño do posto de traballo.
- Se a traballadora pode, con limitacións, continuar desenvolvendo o seu traballo actual (APTA CON LIMITACIÓNS). Detallando ademais ditas limitacións.
- Se a traballadora é NON APTA para o desenvolvemento das funcións propias do seu posto de traballo.

5- A non comparecencia da traballadora á citación para a vixilancia da saúde, así como calquera outra incidencia que impida tramitar a instrución do expediente, será comunicada á Xerencia, por parte do Servizo de Prevención Propio, para que poida tomar as medidas que estime oportunas.

6- O informe técnico emitido polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, poderá contemplar as seguintes posibilidades:

- A traballadora embarazada ou en período de lactación natural é apta.
- Unha adaptación provisional do posto de traballo, e as medidas correctoras que deban aplicarse a dito posto de traballo, con indicación das funcións e tarefas que poden ser realizadas sen menoscabo da protección da saúde da traballadora ou do feto.
- Cambio de posto de traballo, detallando a duración temporal.

7- A resolución ditaminada pola Xerencia producirase nun prazo máximo de 30 días dende o inicio da apertura da instrución do expediente.

Edición 1ª

Data de aplicación: 29/09/2017

8- A resolución ditaminada pola Xerencia contemplará as seguintes posibilidades:

- Resolver non adoptar medidas de adaptación das condicións de traballo ou de adscrición a outro posto de traballo, cando os informes técnicos cualifiquen á traballadora sobre o que se instrúe o expediente de APTA, para o desempeño do posto de traballo.
- Resolver a adaptación, provisional do actual posto de traballo e/ou condicións de traballo para que sexan compatibles coa protección da maternidade.
- Resolver o cambio de posto de traballo, mentres non sexa posible a adaptación das condicións de traballo, ou cando as medidas correctoras non garantan a protección. Neste caso a Xerencia especificará o novo posto de traballo ao que se adscribe á persoa.
- No caso de que non fose posible a adaptación nin o cambio de posto de traballo, por non existir neses momentos un posto que se adecúe ás súas características, iniciaranse os trámites para que a traballadora pase á situación de baixa laboral por risco no embarazo ou lactación natural (suspensión do contrato), durante o período necesario e mentres persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto anterior ou a outro posto compatible co seu estado.

9- Os casos que deriven en medidas provisionais, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais determinará os prazos de revisión da traballadora afectada.

10- Terminada a situación de embarazo ou lactación natural a interesada volverá ao desempeño habitual do seu posto e funcións.

11- O tratamento da protección das traballadoras embarazadas, con respecto ás traballadoras doutras empresas que desenvolvan a súa actividade na Universidade de Vigo, tense en consideración a través do procedemento "PPRL-08: Coordinación de actividades empresariais", e con respecto ás alumnas a través do procedemento "PPRL-06: Comunicación, participación e consulta"

12- Calquera traballadora da Universidade de Vigo durante o embarazo ou durante o período de lactación natural, comunicará a Universidade de Vigo dita circunstancia, conforme ao indicado na instrución "IPRL-21-01: Información xeral sobre comunicación de situación de embarazo ou período de lactación natural".

Edición 1ª

Data de aplicación: 29/09/2017

G. Rexistros

| <i>Identificación</i> | <i>Arquivo</i> | <i>Responsable</i> | <i>Recuperación</i> | <i>Tempo</i> |
|--|--|--------------------|---------------------|--------------|
| DRPRL-21-01 Notificación de situación de embarazo ou período de lactación natural | Oficina Xerencia Soporte papel / soporte informático | Xerencia | Por persoa | 5 anos |
| Informe de aptitude | Oficina Xerencia Soporte papel / soporte informático | Xerencia | Por persoa | 5 anos |
| Informe técnico | Oficina Xerencia Soporte papel / soporte informático | Xerencia | Por persoa | 5 anos |
| Escrito de resolución | Oficina Xerencia Soporte papel / soporte informático | Xerencia | Por persoa | 5 anos |

H. Indicadores

Indicador: Resolucións dictaminadas fora de prazo

| <i>Definición (ratio)</i> | <i>Unidade de medición</i> | <i>Valor de referencia</i> | <i>Responsable do seu seguimento</i> | <i>Periodicidade</i> |
|--|----------------------------|----------------------------|--------------------------------------|----------------------|
| (Nº de resolucións fora de prazo / Total de resolucións) x 100 | Puntos porcentuais | < 25% | CSS | Semestral |